

A violencia de xénero nas mulleres novas

SARA VICENTE COLLADO

Introdución

A definición de violencia contra a muller que imos tomar de referencia é a que no ano 1993, Nacións Unidas aproba na Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller, ao ser a mesma, *todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino, que teña ou poida ter como resultado, un dano físico, sexual ou psicolóxico para a muller; así como as ameazas destes actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se produce na vida pública como na privada.*

Se nos atemos a esta definición, a violencia sexista contra a muller ten diversas formas de manifestarse:

- Violencia física
- Violencia psicolóxica
- Violencia sexual

A estes tipos de violencia incorporouse tamén a violencia económica, sendo considerada hoxe en día outra forma máis de violencia sexista.

Estes son actos que se cometen quer no ámbito das relacións de parella, quer no ámbito da sociedade en xeral.

Temos que dicir que esta violencia, a violencia sexista, afecta a todas as mulleres, con independencia da súa nacionalidade, raza, crenza relixiosa, cultura, estatus social ou económico e, por suposto, da súa idade.

É neste último aspecto, no da idade, no que queremos incidir agora. A chave nesta ocasión está en descubrir porque segue a afectar de igual xeito a violencia de xénero ás mulleres con independencia da idade.

En España levamos traballando desde hai máis de trinta anos para erradicar a violencia que se exerce contra a muller polo simple feito de selo, e o traballo que se desenvolveu ao longo destes anos, foi na intervención coas mulleres que sufriron o maltrato de xeito directo en dous ámbitos, nas relacións de parella e nas agresións sexuais.

Non obstante, hai unha cuestión que é fundamental para erradicar a violencia de xénero, facer unha análise en profundidade de cales son as raíces da violencia contra a muller e cal é o sentido que esta ten. Desde esta perspectiva, a violencia contra as mulleres en todas as sociedades existe como unha cuestión enraizada na propia estrutura da sociedade, que permite manter a mellor posición dos homes fronte ás mulleres. Desde este punto de vista, a violencia de xénero, é o mecanismo estrutural que permite aos homes seguir exercendo o poder que ostenta en todos os ámbitos da sociedade. Sería o mecanismo utilizado pola sociedade patriarcal para acadar a submisión da muller.

Faise imprescindible entón traballar pola mudanza do modelo de relacións entre os homes e as mulleres, traballar pola igualdade de oportunidades entre homes e mulleres para acabar coa violencia estrutural contra as mulleres.

Neste sentido a educación en igualdade, a educación non sexista, opera como un dos mecanismos de prevención e de erradicación da violencia de xénero.

Non só desde a prevención, hai que intervir en materia de violencia de xénero, debido a que esta violencia tamén afecta as mulleres en idades moi temperás, cando inician as súas primeiras relacións de parella.

Faise necesaria entón unha intervención integral desde dous ámbitos: desde a prevención, antes de que se cheguen a producir as relacións de violencia e desde a atención a todas aquelas mulleres unha vez que foron vítimas de violencia de xénero.

Situación actual da violencia de xénero nas mulleres novas

La Organización Mundial de la Salud alertou de que a violencia de xénero é a primeira causa de perda de anos de vida entre as mulleres de 15 a 44 anos, por riba das guerras, os accidentes de tráfico ou os distintos tipos de cancro (2002).

Entendemos por mulleres novas, se nos atemos aos criterios que manexan as Institucións e as Organizacións españolas que traballan especificamente no ámbito da xuventude, aquelas mulleres en idades comprendidas entre 15 e 29 anos.

Unha vez que se enmarcan as idades das mulleres novas ás que nos imos referir neste informe, pasamos a facer unha análise descritiva da situación actual da violencia contra a muller e a expoñer os tipos de violencia sexista exercida contra as mulleres.

Como comentamos anteriormente, queremos reflectir, a violencia contra a muller exercida no marco das relacións de parella, posto que deste tipo de violencia é da que podemos ter datos comparativos. Ademais, é a que ao longo destes 30 anos de traballo se combateu socialmente ao crear medidas de intervención específicas ao respecto.

Os datos estatísticos que manexamos en tres áreas, as mulleres consideradas en termos xerais maltratadas, xa sexa porque elas mesmas teñen esa percepción, como porque tecnicamente sexan consideradas maltratadas, as mulleres que denuncian recibir violencia e as estatísticas de mulleres mortas, reflicten que a violencia contra a muller en idades menores de 30 anos ten unhas dimensións que requiren dunha atención especial.

Estes datos reflicten que os avances sobre violencia contra a muller nas relacións de parella son pequenos aínda, é dicir, non fomos capaces de modificar o esquema violento, instaurado nas raíces da nosa sociedade e baseado na estrutura de poder e supremacía nas relacións, do home sobre a muller.

Os datos proporcionados polas tres macroenquisas para esclarecer a porcentaxe de mulleres maltratadas no Estado español, poñen de manifesto que a violencia machista afecta a un 12,01% das mulleres novas.

Os datos de denuncias, establecen que a curva é ascendente, lonxe de producirse unha diminución da violencia sexista nas mulleres novas. Desde logo cómpre destacar que en termos absolutos o dato é arrepiante, **o 40% das denuncias son de mulleres menores de 30 anos.**

Os datos de mulleres asasinadas polas súas parellas nos últimos anos tamén reflicten unha situación moi preocupante. É demasiado alta a porcentaxe de feminicidios ocasionados a mulleres menores de 30 anos.

Porcentaxe de mulleres maltratadas, segundo grupo de idade

		1999	2002 (*)	2006
Mulleres tipo A (1)	Total	12,4	11,1	9,6
	18-29	11,8	10,3	8,9
	30-44	12,3	10,4	10
	45-64	15,6	15,1	12
	65 e máis	9	8,2	6,9
	Mulleres tipo B (2)	Total	4,2	4
	18-29	3,8	3,3	3,2
	30-44	4,4	4,2	4,4
	45-64	5,3	4,9	4,5
	65 e máis	2,7	3,3	2,1

(1) Mulleres consideradas tecnicamente como «maltratadas»

(2) Mulleres autoclasificadas como «maltratadas» durante o último ano

Nota: A partir do ano 2002, os datos de Ceuta e Melilla aparecen de forma conxunta.

Fonte: Instituto de la Mujer: macroenquisa sobre «Violencia contra as mulleres»

Denuncias de mulleres vítimas de violencia de xénero no ámbito da parella

(Fonte: Instituto de la Mujer) *Datos acumulados até decembro

	2002	2003	2004	2005	2006	2007*
Total	43.313	50.090	57.527	59.758	62.170	63.347
menor de 16	168	250	323	356	380	389
16-17	345	462	607	771	838	960
18-20	1.659	2.037	2.583	2.911	3.122	3.336
21-30	13.601	16.091	18.776	19.831	20.734	21.338
Porcentaxe						
mulleres <30 anos	36,42%	37,61%	38,75%	39,94%	40,33%	41,08%

Feminicidios no ámbito da parella
(Fonte: Instituto de la Mujer e CIMTM)

	2002	2003	2004	2005	2006	2007
Total	54	71	72	58	68	71
menor de 16	0	0	3	0	0	0
16-17	2	1	1	1	0	0
18-20	2	0	5	4	2	2
21-30	16	16	13	14	15	18
Porcentaxe						
mulleres <30 anos	37,04%	23,94%	30,56%	32,76%	25%	28,16%

As causas de que estas mudanzas nos modelos de relacións entre os homes e as mulleres non se produciran, pasando da estrutura de poder a relacións de igualdade son as seguintes:

O **marco simbólico** da muller na sociedade segue a ser o mesmo, está supeditada ao home e a diferenza de roles asignada socialmente colócao, maioritariamente, en posicións de subordinación.

No **ámbito público**, a muller traballa o 23,77% menos que o home, está máis formada nun 1,13% que os homes e ten menor acceso a postos de decisión, quer no ámbito da empresa privada, quer no ámbito das Institucións públicas e das decisións políticas, sendo os datos que o reflicten: que tan só o 5,41% de mulleres ocupan postos na presidencia de empresas, o 22,28% de mulleres ocupan postos de altos cargos e o 12% de mulleres ocupan postos nas Secretarías de Estado¹.

No **ámbito educativo**, vivimos nunha sociedade cada vez máis violenta en que o valor que se prima nas persoas novas é a forza e a capacidade de sometemento pola forza que ten unha persoa. Non é casual que esteamos a recibir noticias constantes do fenómeno denominado como bullying (acoso escolar entre iguais), que afecta ao 30% de alumnos e de alumnas, segundo os datos do INJUVE. Nesta mesma enquisa recóllese que o 37% dos mozos enquisados considera que «se non devolve os golpes é un

¹ Datos do Instituto de la Mujer correspondentes ao ano 2004.

covarde» e o 39% cre que «se un amigo seu arremete a outro, debe poñerse da súa parte». Ademais o 16% dos estudantes reconece que participou en exclusións de compañeiros ou en agresións psicolóxicas. A inmensa maioría dos agresores son rapaces.

No **ámbito familiar**, a desigual repartición de tarefas que coloca aínda hoxe a muller no papel de coidadora e o home no papel de provedor das necesidades materiais familiares.

Nos **medios de comunicación** asistimos habitualmente á cousificación da muller colocada nun papel de obxecto e de reclamo para a venda de calquera tipo de produto, así como a obriga asignada de ser unha muller perfecta, moderna. A imaxe transmitida nos medios de comunicación de muller moderna é aquela que: traballa fóra da casa, é boa nai e parella perfecta, é boa traballadora na empresa, sexualmente activa e cun corpo perfecto.

Derivado deste modelo imposto socialmente ás mulleres, prodúcese outro dato alarmante para nós, a porcentaxe de mulleres novas afectadas pola anorexia e bulimia, condutas de autoagresión que teñen como principal vítima ás mulleres novas, 9 de cada 10 persoas que padecen este trastorno, son mulleres entre os 15 e os 29 anos. Un 1% das adolescentes entre 14 e 18 anos cae na anorexia².

Son os valores en que se están a educar as nosas mulleres novas na sociedade actual.

Mais se nos imos ás causas específicas da violencia nas relacións de parella, podemos observar como os estudos realizados nas escolas establecen que as rapazas non reconecen que comportamentos como: control das amizades, control de horarios, control da roupa, control da sexualidade, o control do corpo da muller nova, exercido por unha parte dos rapaces sobre as rapazas son indicadores da violencia sexista e non indicadores do grao de demostración do amor.

Así, un 80% das mulleres novas e un 75% dos homes novos, non relacionan a falta de amor co maltrato, pensando que se pode causar violencia a alguén a quen queremos³.

² Datos do Instituto de la Mujer.

³ Estudos de Xuventude n.º 62/03. Artigo: Prevención de la Violencia de Género en Adolescentes realizado por Ana Meras Lliebre.

A normalización da violencia é preocupante hoxe en día na poboación nova. Cando lles describes a violencia recoñécena mais, non obstante, cando eles ou elas falan sobre ela, pensan maioritariamente que é un problema que afecta a mulleres casadas e maiores. Ambos os dous sexos cren que os homes que maltratan teñen grandes dificultades para controlar a súa agresividade, sendo unha cuestión hormonal⁴.

Un 32,1% de rapaces e un 14,4% de rapazas considera normal que un rapaz obrigue a súa noiva a manter relacións sexuais con el nalgunha ocasión⁵.

Entre un 15% e un 25% das rapazas pensan que só obterán felicidade, seguridade e protección se están en parella. Esta actitude define unha relación non igualitaria⁶.

A intervención preventiva fronte á violencia de xénero

Nas nosas sociedades o sistema educativo é de carácter xeral e neste establécense os principios e valores que van ser fundamentais para o desenvolvemento da infancia e da xuventude, así como a articulación do modelo de sociedade en que na idade adulta vai poñer en práctica todo o aprendido.

O noso sistema educativo establece que a igualdade entre mulleres e homes é un principio básico que se traballará de xeito transversal ao ser un dos eixes centrais a desenvolver na política educativa.

A Lei orgánica, 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero tamén establece no seu artigo 4, que *o sistema educativo español incluírá entre os seus fins a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e da igualdade entre homes e mulleres, así como no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.*

A Lei desenvolve os obxectivos específicos axeitados a cada idade para acadar a erradicación dos obstáculos que dificultan a plena igualdade entre os homes e as mulleres na nosa sociedade.

⁴ Estudos de Xuventude n.º 62/03.

⁵ Datos proporcionados por la Fundación Mujeres. Ano 2003.

⁶ Estudos de Xuventude n.º 62/03.

O desenvolvemento normativo dos principios recollidos en integral, fíxose a través de dous Reais decretos, o RD 1513/2006, de 7 de decembro e o RD 1631/2006, do 29 de decembro, onde se expoñen os contidos sobre educación para a cidadanía e os dereitos humanos para a educación primaria e secundaria respectivamente.

Mais, non abonda con plasmar nunha materia curricular contidos que formulan actitudes diferentes nas relacións entre as persoas, senón que é necesario que este contido se amplíe ao resto dos ámbitos da vida cotiá. É necesario que a publicidade, os medios de comunicación, o cinema, a música, a literatura, a arte, o traballo, o xogo... a vida en xeral asuma dunha vez por todas a igualdade entre homes e mulleres e os valores do respecto e a aceptación das persoas con independencia do sexo co que nazan.

Outro dos piares sobre o que se asenta a educación da nosa infancia e xuventude é o modelo familiar.

O neno ou a nena aprende e interioriza o modelo familiar observado. Así, os varóns poden aprender que a violencia é un medio lícito de resolver os conflitos e as nenas poden asumir o maltrato como algo «normal» nunha parella. Deste modo o modelo sexista, que xera a violencia, perpetúase e transmítese de xeración en xeración.

Xa en 1979, os investigadores de violencia familiar, Gelles e Straus chegaron a dicir da familia que é a institución máis violenta da nosa sociedade, con excepción do exército en tempos de guerra.

Debemos considerar que a violencia de xénero é multidimensional e está influída polo suxeito maltratador, a vítima, e o contexto familiar e sociocultural en que se insire a familia e onde incluímos ao neno ou nena.

Os estudos sobre violencia en xeral reflicten que a exposición a modelos violentos especialmente na infancia e adolescencia conduce á xustificación e ao incremento do risco a exercela. Así, observouse que os adolescentes que reciben castigos físicos na súa familia teñen máis risco de agredir fisicamente a súa parella que os que non sofren estes castigos (Strauss e Yodani, 1996).

Nesta mesma liña, a aprendizaxe do sexismo vese influída polos valores observados e as persoas que os nenos e as nenas e adolescentes usan na construción da súa identidade.

Deste modo, parece existir unha predisposición das vítimas de violencia sexista dentro da súa familia a converterse, á súa vez, en pais abusadores. É a teoría da *transmisión interxeracional* (Kaufman e Ziegler, 1989).

Non obstante, non é unha consecuencia inevitable. Estas situacións de malos tratos na infancia só se reproducen na idade adulta no **25-30%** dos casos. Un de cada tres casos reproduce o maltrato, mentres que dous de cada tres non o fan.

Agora ben, alén da familia, existen moitos outros axentes socializadores que inflúen no mantemento da estrutura de poder nas relacións entre homes e mulleres, estrutura que permite e fai posible a existencia da violencia contra as mulleres.

Por todo isto é polo que hai que traballar desde todos os ámbitos para lograr a erradicación da violencia machista da nosa sociedade.

No traballo preventivo é importante considerar o grao de exposición á violencia de xénero que tiveron os nenos e as nenas coas cales imos traballar, posto que será distinta a intervención a efectuar se son menores que viviron situacións de violencia no seu ámbito familiar de xeito directo que se son menores que aínda non a viviron.

No primeiro dos supostos, alén de realizarse un traballo coeducativo, haberá que realizar unha intervención terapéutica.

A intervención terapéutica

Esta intervención estará indicada para todos aqueles e todas aquelas menores que foron expostos e expostas á violencia. O traballo neste ámbito cos nenos e nenas, é efectivo para minimizar os efectos da violencia, así como para previla, para evitar que o modelo desigual de relacións entre homes e mulleres se reproduza no futuro.

A miúdo os fillos e fillas destas mulleres son vítimas directas do maltrato físico, psicolóxico ou sexual ou ben testemuñas desta. De calquera modo, a dinámica familiar ten sempre consecuencias psicolóxicas e sociais sobre eles e elas e sobre a relación coas súas nais.

Este neno ou nena pode sufrir unha dobre violencia.

A que Marie-France Irigoyen, denomina **violencia indirecta**, que é a que afecta aos e ás menores de rebote. Adoita ser o resultado dun conflito entre os pais que remata afectando aos nenos e ás nenas de forma encuberta. Son vítimas polo feito de estar aí e non poder tomar distancia afectiva, na maioría dos casos, de ningún dos dous proxenitores.

Tamén, podemos falar do **maltrato directo** que se traduce nun rexeitamento e destrución consciente ou inconsciente cara ao neno ou nena por parte dalgún dos seus pais. Estes pódense xustificar explicando que actúan polo ben do neno/a ou cun propósito educativo.

Por un lado, é certo que o/a neno/a aprende do pai a conduta agresiva, e a utilízala para solucionar conflitos e poráon en práctica segundo se vaia facendo maior.

Ademais, o neno ou a nena maltratado/a tamén pode aprender a esperar que os demais o traten de xeito hostil, que o rexeiten e que non estean dispoñibles ou non queiran atender as súas necesidades.

As experiencias infantís de maltrato poden provocar no/a menor problemas de regulación da emoción e o autocontrol, e problemas na capacidade para **empatizar**. Isto pode promover un tipo de personalidade hostil que tamén pode ser causa do maltrato no futuro, se o/a menor opta por xustificar esa violencia e considerala inevitable, ao crear unha representación da vítima como un inimigo ou alguén inferior e do agresor como un heroe.

A isto únese a construción da propia identidade a partir de estereotipos e crenzas sexistas que defenden a inferioridade da muller e que xustifican a discriminación e a violencia cara a ela (Díaz- Aguado, 2002).

Non obstante, e por outro lado, é posible romper o círculo de violencia cando de xeito paralelo á relación abusiva, existen unhas condicións psicosociais protectoras (Díaz- Aguado, 2002):

- Adquirir habilidades alternativas á violencia que permitan afrontar o estrés e resolver conflitos sociais con eficacia.
- Poder expresar a outra/s persoa/s as emocións suscitadas polo maltrato.
- Establecer relacións afectivas positivas alternativas con outras persoas que lle permitan cambiar os seus sentimentos e expectativas sobre a vida e as persoas que o rodean.
- Rexeitar e condenar toda forma de violencia, incluída a propia sufrida na infancia.
- Comprometerse a non reproducir a violencia.

A intervención coeducativa

A promoción das relacións igualitarias entre homes e mulleres faise sobre a base de realizar un cuestionamento ao sistema de socialización diferenciada en función dunha adxudicación de roles con distinto valor social segundo sexamos homes ou mulleres.

Será necesario comezar desmontando mitos arredor da naturalización das diferenzas entre homes e mulleres. Para iso, trabállanse os seguintes contidos:

- Sistema sexo-xénero. A socialización diferenciada
- Distintos roles sociais e estereotipos de xénero
- Ámbitos da discriminación e sexismo
- Linguaxe sexista
- Machismo e feminismo
- Feminismo e coeducación

En segundo lugar, será necesario tamén traballar para unha aprendizaxe do amor, da afectividade, das relacións sexuais, desde unha perspectiva múltiple, rompendo o mito de que as relacións de parella, sexuais e/ou afectivas son tan só heterosexuais.

- Cuestionamento dos modelos de masculinidade e feminidade
- Educación afectiva en igualdade
- Distintos tipos de relacións afectivas e/ou sexuais
- Aprender a amar en igualdade
- A autoestima e o amor a un/a mesmo/a como principio básico do amor
- A autonomía, a asertividade e o respecto á libre decisión
- Valoración da persoa

En terceiro lugar, é importante analizar porque existe relacións de violencia na nosa sociedade e cales son as estruturas que as sustentan. É importante que aprendan a detectar unha relación de violencia.

- Prevención de violencia de xénero
- Mitos da violencia de xénero
- Relacións de poder
- Tipos de violencia. Fases do ciclo da violencia
- A violencia cotiá. Lugares en que se exerce esta violencia
- A detección como ferramenta de prevención

En cuarto lugar, é fundamental dotar de ferramentas para a construción dunha relación en igualdade que non reproduza o esquema de violencia e de desigualdade.

- Resolución de conflitos de xeito non violento
- O diálogo e a negociación como base das relacións
- Do maltrato ao bo trato.

Intervención con mulleres novas vítimas de violencia de xénero nas relacións de parella

Tras expoñer o traballo preventivo, é necesaria unha abordaxe tamén da intervención con todas aquelas mulleres que foron vítimas de violencia de xénero nas relacións de parella, ao ser esta unha intervención específica e distinta da prevención.

O obxectivo desta intervención é corrixir as secuelas que a relación de violencia deixou nas mulleres que a sufriron, á vez que evitar que as mulleres inicien unha nova relación de violencia. Así pois, dotar ás mulleres novas de ferramentas persoais que lles permitan detectar a violencia en futuras ocasións e evitar relacións destrutivas.

Non hai un perfil determinado de muller nova maltratada ao igual que para calquera outro grupo de idade, non obstante, comparten a experiencia de maltrato con maior intensidade que noutros grupos de mulleres, posto que para elas o grupo de referencia de iguais é moi importante.

Por tanto, para as mulleres novas que tiveron relacións de violencia, é moi importante traballar desde o grupo de iguais. Son mulleres que tras a súa experiencia de maltrato séntense «diferentes» ás demais, e tamén estrañas ante si mesmas, avergoñadas por non saber xestionar doutra forma a súa relación para que funcionase ben e por soportar situacións daniñas para a súa dignidade, alén do dano físico, en ocasións moi grave.

A incorporación ao grupo permítelles, nun primeiro momento, ver que a súa experiencia non é única e que os seus comportamentos son entendidos por outras persoas, e perfectamente explicables dentro do contexto da relación e da sociedade en que este tipo de relacións se desenvolven. Exteriorízase a responsabilidade no maltrato que elas con frecuencia asumiran.

Ese é o primeiro obxectivo do grupo, cando as mozas se senten comprendidas e apoiadas polas súas compañeiras prodúcese unha grande facilitación na abordaxe dos problemas principalmente psicolóxicos e sociais que presentan. Para estas idades o grupo funciona como espello do seu propio problema moito máis que para as mulleres vítimas de malos tratos doutras idades.

As consecuencias do maltrato sobre o estado psíquico das rapazas son:

Ansiedade, depresión, baixa autoestima, vergoña, culpa, sentimentos de indefensión, sensación de baixa capacidade de control, baixas expectativas de autoeficacia e MEDO, medo á soidade, ao abandono, á resposta social e familiar, a facer uso do sistema policial e xudicial, ao dano que poidan sufrir elas ou a súa familia e amigos/ás por parte do maltratador (que en ocasións cumpre as súas ameazas), medo ás consecuencias para el da posibilidade de que sexa detido. Algunhas mulleres presentan cadros de trastornos de estrés postraumático.

En moitas das mozas atendidas produciuse un deterioro importante das relacións sociais, sobre todo se a relación durou moito tempo. O control excesivo que caracterizou a relación vai provocando o progresivo illamento das rapazas, que senten que quedaron sen amigos e, moitas veces, enfrontadas ás súas familias.

O rendemento académico vai decrecendo, o mesmo que o rendemento laboral entre as rapazas traballadoras. É frecuente o acoso, a vixilancia e os incidentes violentos coa irrupción do maltratador no centro de traballo das mozas, o que temen que teña consecuencias sobre a continuidade dos contratos e ás veces provoca que elas deixen o traballo para evitar esas situacións.

En ocasións tamén achamos algúns factores de risco adquiridos ou previos á súa experiencia, e moi frecuentes na poboación xeral como:

- Internalización do rol social feminino disfuncional que está culturalmente estendido, e que adoita ser reforzado socialmente, caracterizado pola responsabilidade excesiva, o sacrificio, a abnegación.
- Ideas disfuncionais sobre o amor e a parella. Excesiva idealización do amor e a parella.
- Sensación de dependencia funcional e afectiva.
- Autoestima baseada en criterios externos.
- Responsabilización da conduta do outro.

Os puntos sobre os que traballamos no grupo son os seguintes:

- Detección e recoñecemento do maltrato físico, psicolóxico, económico e sexual
- Explicación das claves do maltrato e a súa repercusión na conduta, o pensamento e as emocións da persoa maltratada
- Explicación do «ciclo da violencia», de modo que poidan desenmascarar o proceso en que están inmersas
- Desestigmatización, desvitimización, o recoñecemento e o aumento na autoeficacia das mozas
- Resolver o «enganche emocional»
- Detectar as variables que inciden na dificultade para a ruptura
- Integración de sentimentos contraditorios
- Integración da figura do agresor
- Realización de atribucións de responsabilidade axeitadas
- Asunción de límites. Modificación da crenza de que elas poderían facer que o outro cambie
- Corrixir factores de comportamento, actitudes e esquemas adquiridos durante o tempo que viviu a situación de maltrato e, se for o caso, tamén da personalidade previa que poidan ser factores de risco para a detección ou a ruptura para previr o establecemento dunha nova relación de abuso ou a recuperación da anterior
- Mellora da sintomatoloxía ansioso-depresiva
- Aumento da asertividade e autoestima
- Racionalización dos medos
- Adquirir coñecementos sobre o uso axeitado das medidas de protección, tanto persoais e sociais, como policiais ou xudiciais
- Fomento de condutas e criterios independentes
- Educación en igualdade de xénero
- Manexo axeitado das emocións
- Educación sexual e cambio do modelo aprendido
- Prevención e tratamento, no seu caso de condutas inaxeitadas ou de risco para reducir o estrés
- Técnicas de resolución de conflitos
- Apoio na elaboración dun proxecto de vida baseado na lexitimidade do desexo e o merecemento de promover a autorrealización en contraposición á resignación
- Reconstrución da rede social e das relacións familiares

Como complemento ao traballo en grupo realízanse intervencións terapéuticas individuais. Ao contrario do traballo que se realiza co resto das mulleres, coas mulleres novas comézase coa terapia grupal e con posterioridade realízanse intervencións tera-

péuticas individuais, posto que a referencia do grupo é moi importante como terapia a estas idades.

Alén do traballo directo coas mozas, na maior parte dos casos recíbese ás familias, nais, pais e ás veces irmáns/ás ou amigos/as, realizando tarefas de contención e información, pautas de comportamento coas fillas, irmás, amigos/as, así como de información xurídica.

O traballo coas mozas no grupo resulta moi positivo para elas, mobilizando os seus recursos persoais, proporcionando un ámbito en que se senten comprendidas, alén de prestarlles o apoio axeitado nos momentos de crise.

Ademais dos factores propiamente terapéuticos, comparten un espazo con persoas con diferentes características socio-económicas, culturais, étnicas, distintos intereses de lecer, actitudes sexuais, ideoloxías etc, que favorecen o respecto e a tolerancia.

Habería que sinalar que en todos os casos houbo unha aceptación plena das mulleres novas que se incorporan ao grupo, observándose relacións de amizade sorprendentes para elas mesmas e moi enriquecedoras.

O traballo que se realiza non comeza e remata nas participantes, vai máis alá, pois case todas elas adquiren unha actitude activa nos seus grupos de referencia.

Conclusiones

É necesario traballar polo cambio do modelo asignado a mulleres e a homes na sociedade para contribuír á construción social da igualdade entre homes e mulleres como un dos valores en que se debe instaurar a democracia.

Aínda temos que traballar na posta en marcha das previsións recollidas desde o punto de vista da educación que actúan en dúas direccións:

Na capacitación do profesorado e dos e das profesionais que van intervir no proceso de atención da violencia.

Na intervención directa no traballo da educación non sexista como unha forma de previr a violencia de xénero.

Importancia do traballo preventivo

Faise necesario a posta en marcha de medidas urxentes de traballo preventivo en Centros Escolares e Institutos posto que o traballo que se está a desenvolver até este momento é testemuñal e distinto nas diferentes Comunidades Autónomas.

Intervención específica con grupos de mulleres novas maltratadas

O papel do grupo de iguais e da familia é fundamental á hora de traballar coas rapazas que foron vítimas de agresións por parte da súa parella.

No traballo para acadar o abandono da relación violenta é importante a creación de grupos específicos de rapazas novas, que aínda que nun primeiro momento non detectaran que son vítimas de violencia, no traballo en grupo vexan reflectidas as súas propias historias de violencia e comecen a poñer os medios para solucionarala e saír dela.

É necesario por tanto, que calquera persoa que se ache arredor das rapazas novas teña coñecementos sobre a actuación axeitada para prestar o apoio que estas mulleres necesitan.

Bibliografía

Cantón, J. e Cortés, M. R. (2000): *Malos tratos y abuso sexual infantil* (Madrid: Siglo XXI).

Comisión para la investigación de malos tratos a mujeres: *Servicio de Atención Integral a la Mujer* (Madrid).

Díaz- Aguado, M.^a J. (1996): *Escuela y tolerancia* (Madrid, Pirámide).

— (2002): *Prevenir la violencia contra las mujeres: construyendo la igualdad. Programa para Educación Secundaria*. (Madrid: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Instituto de la Mujer).

Instituto de la Juventud de España (2004): *Informe Juventud en España*.

Instituto de la Mujer: *Mujeres en Cifras*.

Meras Lliebre, A.: *Prevención de la Violencia de Género en adolescentes. Revista Estudios de Juventud n.º 62/03.*

Nuez del Rosario, L. (2003): *No te lles con los chicos malos. Guía no sexista dirigida a chicas.* Comisión para la Investigación de los Malos Tratos a Mujeres (Madrid: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales).